



23 de xullo de 2004

Asunto: **CREACIÓN DA COMISIÓN GALEGA DE ZONAS DE ESCALADA**

Estimado Presidente:

Como ben sabes, a sociedade actual está cada vez máis sensibilizada co medio ambiente. Froito desta sensibilidade, e en resposta a ela, a administración regula o acceso a lugares de especial interese ecolóxico que, en moitas ocasións, coinciden cos que visitamos de cotío. Estas accións proteccionistas, en xeral desexadas polo noso colectivo, nalgún caso pasaron a converterse nun grave problema cando supoñen a imposibilidade ou a prohibición de acceso a algunhas zonas, mermando os nosos dereitos adquiridos despois de tantos anos practicando nelas as distintas facetas do montañismo e sendo, ademais, testemuñas doutras accións infinitamente máis perxudiciais dende o punto de vista da conservación do medio natural.

A preocupante situación na que se atopan algunhas das Zonas de Escalada de Galicia -deterioro ou perigo de destrución da paraxe, prohibicións de acceso e/ou da práctica, controvertidas ou inaxeitadas accións en novas aperturas ou reequipamentos, agresións ás instalacións e/ou accesos...- converteuse no revulsivo que nos mobiliza novamente para intentar loitar polos nosos intereses do xeito máis eficaz posible.

Para defender a nosa actividade a acción conxunta, participativa e coordinada do colectivo, a través dos medios dos que dispoñemos (a FGM é a nosa principal ferramenta), parécenos que é o xeito óptimo de afrontar este problema. O paso que temos que dar é a creación dunha **Comisión Galega Zonas de Escalada**.

Unha das liñas prioritarias da Comisión será defensa da nosa actividade fronte a Administración. Esta xa comezou novos procesos legislativos que afectan a máis da metade das nosas Escolas de Escalada e Zonas de Bloque. Debemos evitar esta tendencia excluinte do noso colectivo que xa levou á prohibición da escalada en Covas e Penedos de Oulego e que pon en perigo a continuidade da nosa actividade noutras zonas. Ademais tería como responsabilidades, tamén prioritarias, a:

- Organización e xestión das escolas de escalada, "con arranxo ós tempos que corren".
- Recoñecemento das Escolas como Instalacións Deportivas en Medio Natural por parte dos propietarios, xestores e institucións vencelladas, así como da actividade nela desenvolvida.



- Defensa do dereito de acceso e práctica, mediante a coparticipación como Organismo Recoñecido dentro das diferentes administracións na súa regulación.
- Acondicionamentos e equipamentos necesarios, vencellando legislativa e economicamente, ós xestores e propietarios.

A Comisión, como órgano adscrito á Federación, estará **coordinada pola Vocalía de Zonas de Escalada e composta por un representante de cada provincia**, elixidos de entre e polos vocais de escalada de cada Club, e contará con diferentes colaboracións entre as que hai que destacar o recentemente creado **Consello Asesor Científico da FGM**, formado por expertos do ámbito científico e/ou técnico relacionado co montañismo (avogados, biólogos, sociólogo....), sendo catro de eles membros do mesmo organismo a nivel estatal. A súa labor principal é a de asesorar a FGM en temas medio ambientais nos que estea presente a conservación, protección e regulación dos espazos nos que desenvolvemos as nosas actividades.

A FGM xa leva un tempo traballando na defensa de Covas e Oulego, como Escolas de escalada afectadas pola declaración de Parque Natural, e considera de vital importancia que as estratexias que estamos intentando empregar nesta tarefa sirvan para evitar problemas co resto de Zonas nun futuro cada vez máis perto. A comisión servirse desta experiencia para trazar as liñas (prioritarias) de actuación no resto de escolas galegas. Ademais, facéndonos eco do "sentir popular", pretendemos utilizar como "MODELO" de xestión o que se está comezando a desenvolver no caso da escola de escalada de F. Budiño en Porriño.

Polo tanto, solicitámoste que **antes do 25 de setembro** nos envies a **ficha anexa** cuberta cos datos do vocal de escalada do teu clube,

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo

Vocalía de Mantemento de Zonas de Escalada.

Miguel Seoane Álvarez

